



A pegada dixital

Repensar as tecnoloxías para avanzar cara á sustentabilidade

Digitalization for Sustainability (D4S)

978-84-127425-5-8 | Encadernación rústica cosida | 21,5×15,3×1 cm | 160 páxs. | Divulgación, ensaio | 19,90 € 4v0042

circularidade, consumo responsable, dixital, dixitalización, ecoloxía, ensaio, equidade, gobernanza, pegada ecolóxica, resiliencia, soberanía, suficiencia, sustentabilidade, tecnoloxía

O estado dos coñecementos científicos demostra que a dixitalización, na súa forma actual e dominante, non ofrece solucións e que os cambios progresivos non abundan para remediar esta situación. Daquela, o que precisamos é unha reprogramación (reset) dixital:

Esta reprogramación precisa un cambio de dirección radical da finalidade das tecnoloxías dixitais para que traballen nunha transformación profunda que favoreza a sustentabilidade. Con este obxectivo, cómpre que a gobernanza se rexa por varios principios:

- as tecnoloxías deben fabricarse consonte deseños rexenerativos,
- deben buscar innovacións sistémicas que impulsen a circularidade e a suficiencia,
- deben mellorar a resiliencia económica e
- promover a soberanía dixital e a equidade social.

O que precisamos é un cambio de dirección radical da finalidade das tecnoloxías dixitais para que traballen nunha transformación profunda que favoreza a sustentabilidade.

Nesta obra da D4S explícase como estes principios poden guiar o uso das tecnoloxías dixitais para atinxir transformacións profundas que favorezan a sustentabilidade nos seguintes sectores: a agricultura, a mobilidade, a industria, a enerxía, a construción e o consumo xeral de bens e servizos.

Para que a dixitalización favoreza a sustentabilidade cómpre satisfacer tres requisitos:

- 1 Reducir os impactos sociais e ambientais ligados á produción e o funcionamento das novas tecnoloxías
- 2 Controlar os modelos de negocio das grandes empresas tecnolóxicas (coñecidas como as «Big Tech»).
- 3 Lograr que a gobernanza dos datos e a intelixencia artificial (IA) impulse de forma decidida unha economía circular baseada na información.

Para considerar un éxito o cambio de rumbo da dixitalización precisamos medidas políticas decididas. Tamén necesitamos unha visión clara do papel que as tecnoloxías dixitais deben xogar na busca de formas de vida decentes, respectando ademais os límites do planeta.



